

Fraguando a Diversidade

**III EDICION FONTIÑAS: SOMOS TODOS!
MESA REDONDA.**

Xornada de sensibilización sobre SAUDE MENTAL.

**INTERVEÑEN REPRESENTANTES DE:
FEAFES GALICIA
VOLUNTARIO DE CRUZ VERMELLA, MEDICO FORENSE**

**ORGANIZA:
REDE SOCIOCOMUNITARIA DE FONTIÑAS**

3 DE ABRIL DE 2024 ÁS 09.00 H CSC DE FONTIÑAS

Índice

	Páxs.
1. Título	3
2. Xustificación	3
3. Obxectivos	7
4. Metodoloxía e actividades	7
5. Destinatarios	9
6. Data e lugar de realización	9
7. Recursos humanos	9
8. Recursos técnicos e materiais	10
9. Seguimento e avaliación	10
10. Anexos	10

1. Título

FONTIÑAS: SOMOS TODOS!. *Xornada de sensibilización sobre a saúde mental.*

2. Xustificación

Nos últimos anos o barrio das Fontiñas caracterizouse por un sólido percorrido da rede comunitaria, a través do Plan de Desenvolvemento Comunitario que naceu coa finalidade de incrementar o benestar de todos os colectivos que residen nesta zona, promovendo a súa inclusión social e a participación activa dentro da súa comunidade. Neste senso, teñen cabida varios programas e proxectos que seguen este fío condutor da mellora social.

Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movements da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñada nos últimos anos, etc., aspectos que esixiron que vinte e dous anos despois da constitución do barrio se fixera unha “parada no camiño” a reflexionar¹, novamente, cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.


A actuación profesional non debe obviar o nivel “asistencial”; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas da poboación. Por elo, a labor coordinada de todos nós cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: **todos traballamos cun mesmo fin, o benestar do veciñanza**. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que *debemos prestar atención*: **a prevención das situacións de vulnerabilidade social, reforzar o sentimento de “vida comunitaria”; unha firme aposta pola “convivencia”; convivencia “positiva”, fomentando a autonomía e a igualdade social, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.**

¹ Proxecto de intervención comunitaria no barrio de Fontiñas (1998) e III Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (2015). Fonte: www.compostelaintegra.org



Fonte: Servizos Sociais Comunitarios-UTS Fontiñas e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas. Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2012.

Pero en Fontiñas, ó longo da súa existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Na pirámide poboacional o colectivo de maiores creceu considerablemente repercutindo de forma negativa no reempazo xeracional, o colectivo de persoas maiores irrompe con forza no espectro social. As condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e seguen condicionando a realidade social. Fontiñas caracterízase pola súa accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que é un dos barrios que conta con maiores elementos e factores que facilitan a vida de calquera persoa que presente.



Retomando a idea expresada do parágrafo anterior, o reemplazo xeracional non está garantido ao alcanzar o colectivo dos mais novos o 15,7 % da poboación e o dos maiores, o 14,2 %, existindo unha diferenza entre ambos de pouco mais dun punto.

Fonte: Servizos Sociais Comunitarios - UTS Fontiñas Elaboración propia. Santiago de Compostela, 2024.

Despois dos proxectos comunitarios implementados nos últimos anos que tiñan como fin activar canles de solidariedade, fomentar a convivencia intercultural ou previr situacións de risco social, apostando polos “máis novos” como os protagonistas da comunidade. Nesta ocasión considérase procedente dar un paso adiante e abordar outras realidades e necesidades; como a demanda realizada polos diferentes técnicos da rede do barrio na cal amosan a súa preocupación polas problemáticas de saúde mental.

Nos últimos tempos, observouse dende distintas institucións e a distintos niveis un aumento das situacións de risco vinculadas co problema de saúde mental así como o incremento dos casos de tentativas de suicidio ou condutas auto líticas.

Cada vez se fala máis dun tema que fai anos non recibía moita atención: a saúde mental dos máis novos. A pandemia de 2020 deixou unha pegada no benestar da poboación, especialmente dos nenos, nenas e adolescentes. Os datos o demostran: en 2017, un 1% da poboación infantil e xove sufría problemas de saúde mental, pero a Covid-19 produxo un aumento de ata o 47% nos trastornos deste tipo en infancia e adolescencia.

España é un dos países europeos con maior prevalencia en problemas de saúde mental entre os máis novos. Nun informe de 2021, Save the Children alertou de que os trastornos mentais aumentaran significativamente neste colectivo, especialmente nos fogares con baixos ingresos. Un estudo máis recente de UNICEF España sinala que case a metade dos nenos con problemas de saúde mental desenvólveos ata os 14 anos, ademais, segundo expertos en Psiquiatría e Psicoloxía Clínica da Infancia e da Adolescencia, 1 de cada 4 nenos que sufriron illamento por COVID-19 presenta síntomas depresivos e/ou ansiedade.

Preocupa, tamén, que a idade dos pacientes se reduce. Os expertos alertan sobre casos cada vez máis temperás de trastornos alimentarios, intentos de suicidio e adición as pantallas.

Profesionais especializados (pediatras e psicólogos) aseguran que os casos de suicidios e de ansiedade entre nenos e nenas aumentaron no último ano; as tendencias suicidas e a depresión superan o 200% e o malestar emocional tamén supera o 100% das cifras prepandemia. Ademais, os nenos e nenas están expostos dende idades máis temperás a situacións sociofamiliais complexas, o que leva a casos de trastornos alimenticios ou nenos con síntomas de suicidio de 10 ou 8 anos.

Para poder dar unha resposta a esta realidade, xorde a necesidade por parte dos técnicos de contar con coñecementos e ferramentas propias de actuación ante esta problemática, para o cal se propón unha xornada formativa dirixida aos técnicos da rede comunitaria do Barrio das Fontiñas.

A saúde mental é algo máis que a ausencia de trastornos mentais: é un estado de benestar no que a persoa realiza as súas capacidades e é capaz de facer fronte á tensión normal da vida, de traballar de forma produtiva e de contribuír á súa comunidade.

Os cambios sociais rápidos, a condicións de traballo estresantes, a discriminación de xénero, a exclusión social, os estilos de vida pouco saudables, o baixo nivel educativo, a violencia e a mala saúde física son factores de risco para o desenvolvemento de trastornos mentais. Tamén hai factores da personalidade e psicolóxicos así como condicionantes biolóxicos e xenéticos que fan que unhas persoas sexan máis vulnerables que outras a padecer un trastorno mental. Diferentes factores psicolóxicos, sociais, y culturais poden interactuar para conducir a una persona a tener un comportamento suicida, y por mor do estigma asociado, as personas pueden no chegar a pedir axuda.

Pero o máis importante é que existen estratexias e intervencións intersectorais e comunitarias, eficaces e rendibles de promoción, protección e restablecemento da saúde mental.

Para a elaboración do presente proxecto tivéronse en conta as aportacións das diferentes entidades que participan de forma activa nas xuntanzas do barrio de Fontiñas, a avaliación doutros proxectos comunitarios, así como a propia realidade social e persoal de entidade onde a inclusión e a diversidade son dúas premisas fundamentais.

A saúde mental é unha problemática da sociedade no seu conxunto, polo que para que unha estratexia profesional resulte eficaz é preciso unha resposta multisectorial e integral.

Para unha prevención eficaz compe desenrola estratexias indicadas dirixidas a poboación vulnerable mediante lo apoio, la capacitación del persoal de saúde, educación e servizos sociais e unha mellora na identificación dos trastornos mentais.

3. Obxectivos

OBXETIVO XERAL: mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental , os seus familiares e/ou persoas de referencia.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- ▣ Incrementar e mellorar os coñecementos sobre procedementos de actuación.
- ▣ Informar sobre as medidas xerais de prevención do suicidio e de condutas suicidas.
- ▣ Recoñecer factores e indicadores de risco que proxecten condutas suicidas.
- ▣ Analizar técnicas e accións de intervención en casos de posibles intentos autolesivos.
- ▣ Coñecer os recursos existentes no ámbito da saúde para abordase destas problemáticas
- ▣ Aumentar a sensibilización e concienciación da sociedade sobre o suicidio como un problema de saúde..
- ▣ Mellorar a atención que se lle presta tanto as persoas que presentan conduta suicida como aos seus achegados.
- ▣ Aumentar a coordinación entre institucións e axentes así como a
- ▣ Promover espazos de convivencia entre os diferentes axentes sociais.

4. Metodoloxía e actividades.

4.1.- **FONTIÑAS: SOMOS TODOS!**. Xornada de formación/sensibilización sobre a saúde mental e a inclusión social. Para implementar esta actividade, cun enfoque comunitario, é preciso desenvolver, con carácter previo, as seguintes accións:

- A preocupación pola saúde mental foi unha constante ao longo das xuntanzas de barrio de Fontiñas realizadas durante o ano 2023. Na última a xuntanza mantida no ano 2023 acordouse poder materializar a demandada de formación en saúde mental.
- Dende este dispositivo de Servizos Sociais contactouse coa entidade FEAFES (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) trasladando a preocupación e interese existente na rede de comunitaria do barrio. Dende esta entidade amosaron a súa dispoñibilidade ante esta iniciativa.
- Infórmase desta iniciativa a Xefa de Sección de Servizos Sociais, orienta a contactar coa entidade Cruz Vermella dado a existencia dun novo voluntario colaborador con esta entidade e con amplo coñecemento dende un ámbito médico da problemáticas de saúde mental.
- Establécese contacto coa Coordinadora de Cruz Vermella e infórmase da iniciativa que se quere levar a cabo dende o ámbito comunitario. Ofertan a colaboración dun voluntario con experiencia no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) en materia de medicina forense: determinación da capacidade psicofísica e outra de valoración principalmente psiquiátrica. Polo que se acorda incluír esta parte médica a formación.
- Acórdase que se adoptará un formato de “mesa redonda”.
- A actividade desenvolverase no CSC das Fontiñas.
- As técnicas do PASS Fontiñas: traballadoras socias e educadora social (ambos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) procederán á redacción do proxecto.
- Valorase positivo utilizar o cartel divulgativo da anterior xornada sobre diversidade como elemento de identificación co proxecto.
- A organización e distribución dos espazos correrá a cargo das profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios.
- Impresión de carteis a cargo de cada unha das entidades pertencentes á rede comunitaria do barrio.

- Difusión da actividade entre os profesionais pertencentes á rede comunitaria do barrio e incorporada a información nas web de cada entidade.
- Acordase establecer unha xornada de formación: ámbito social e ámbito médico.

A xornadas quedarían estruturadas do seguinte xeito:

- 1.- Apertura da xornada.
2. Charla a cargo de FEAFES e voluntario de Cruz Vermella médico forense
- 3.- Quenda de preguntas.

5. Destinatarios

As entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas consideramos a “información” e o “coñecemento” como a ferramenta básica para garantir o adecuado desenvolvemento persoal e profesional. De aí, que cun enfoque colaborativo, partamos desa ferramenta, para que dende unha óptica comunitaria, incrementar e mellorar a actuación sobre a saúde mental.

Os destinatarios desta formación serán os técnicos da rede comunitaria do barrio das Fontiñas así como outros membros que participen destas ou colaboren coa entidades do barrio.

6. Data e lugar de realización

Desenvolverase o **3 de abril de 2024**, en horario de **09.00 a 13.30 h**, nas instalacións da Centro socio cultural das Fontiñas.

7. Recursos humanos

- Técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- Representante da entidade FEAFES .
- Representantes Cruz Vermella, voluntario médico forense.

8. Recursos técnicos e materiais

- *Previo:*

- **Elaboración do proxecto:** a cargo das técnicas do PASS Fontiñas (dispositivos pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- **Cartel para a difusión:** utilización do cartel da antiga edición como sinal de identidade e que foi elaborado pola antiga orientadora do IES Antonio Fraguas: Lola Sanz.
- **Impresión** do cartel; distribución e difusión a cargo de cada unha das entidades pertencentes á rede comunitaria do barrio de Fontiñas.
- **Reserva de espazo:** a cargo das técnicas do PASS Fontiñas (dispositivos pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- **Contacto cos poñentes:** a cargo da Coordinadora de Cruz Vermella e das técnicas do PASS Fontiñas.

- *Durante a Actividade:*

- Espazo: CSC das Fontiñas.
- Carteis divulgativo da actividade (PASS Fontiñas).

9. Seguimento e avaliación

A avaliación será participativa e aberta. Neste sentido, os diferentes técnicos participantes nas sesións formativas realizarán unha reflexión e análise cualitativa nun espazo de encontro posterior no que se analizarán aspectos tales como: contidos transmitidos, claridade na exposición, información recibida, aplicación na practica, resolución de dúbidas....

Igualmente recollerase unha reflexión sobre o propio proceso da actividade dende a súa xénese ata a súa finalización, reflectindo as dificultades e os logros atopados.

10. Anexos

10.1.- Cartel divulgativo.



**Fraguando
a
Diversidade**

III EDICION FONTIÑAS: SOMOS TODOS!
MESA REDONDA.
Xornada de sensibilización sobre SAUDE MENTAL.

INTERVEÑEN REPRESENTANTES DE:
FEAFES GALICIA
VOLUNTARIO DE CRUZ VERMELLA, MEDICO FORENSE

ORGANIZA:
REDE SOCIOCOMUNITARIA DE FONTIÑAS

3 DE ABRIL DE 2024 ÁS 09.00 H CSC DE FONTIÑAS



10.2.- Programa das xornadas

- **Ámbito Social: 03/04/2024**

09:00h Apertura da charla e presentación da poñente

09:10h Relatora de FEAFES.

11:00h Rogos e preguntas

11:300h Peche charla ámbito social.

- **Ámbito Médico: 03/04/2024**

12:00h Apertura da charla e presentación do poñente

12:10h Relator voluntario de Cruz Vermella, médico forense

13:00h Rogos e preguntas.

13:30h Peche charla ámbito médico.

Proxecto elaborado por:

- ⊕ **BIBIANA SUÁREZ JUNCAL**, traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios).
- ⊕ **ANA BELÉN VIÑA QUINTÁS**, traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios).
- ⊕ **MARGARITA VAZQUEZ TEO**, educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos Sociais Comunitarios).
- ⊕ Colaboración inestimable das **entidades FEAFES e Cruz Vermella**.